

Os socialistas de Vilalba poñen en marcha unha campaña solidaria para axudar ó pobo saharai

A partir de mañá, e ata o 21 de marzo, levarán a cabo unha recollida de roupa e diverso material escolar co obxectivo de colaborar coas persoas asentadas nos campamentos de refuxiados

Subliñan que, non é a primeira vez, nin será a última, que os socialistas vilalbeses “participamos no desenvolvemento de campañas solidarias. Estamos seguros de que os veciños, como é habitual, amosarán a súa xenerosidade cun pobo que está a padecer moitas limitacións e penalidades na vida cotiá”

VILALBA, 24 DE FEBREIRO.- Os socialistas de Vilalba comezarán a partir do martes, 25 de febreiro, unha campaña de recollida de roupa e materia escolar que será entregado á entidade “Solidariedade galega co pobo saharai”. A concelleira do PSOE –Elba Veleiro- manifesta que o obxectivo da iniciativa é colaborar coas persoas asentadas nos campamentos de refuxiados saharais dende dous puntos de vista: por unha banda, que estes cidadáns sintan a solidariedade dos vilalbeses, “e que perciban que non nos esquecemeos deles” e, pola outra, que as achegas sirvan para aportar mínimas condicións de benestar na difícil situación na que se atopan diariamente.

O lugar no que calquera persoa poderá depositar as súas doazóns será a sede dos socialista (r/ Campo de Puente, nº 1, entrechán), os martes e os xoves, entre as 19:30 horas e as 20:30 horas. A campaña terá unha duración dun mes. Rematará o 21 de marzo.

Non é a primeira vez, nin a última, que os socialistas vilalbeses participan no desenvolvemento de campañas solidarias, indica Elba Beleiro. Por este motivo, amósase confiada en que “os veciños, como é habitual, demostrarán a súa xenerosidade. Estamos seguros de que recolleremos unha gran cantidade de roupa e material escolar para un pobo que está a padecer dende hai tempo moitas limitacións e penalidades na súa vida cotiá”, afirma.